

ÚLTIMAS NOVAS DE CARREIRA PROFESIONAL

24 DE NOVEMBRO DE 2023

ENQUISAS PARA A VALORACIÓN DAS COMPETENCIAS PERSOAIS NA CARREIRA PROFESIONAL ORDINARIA 2023.

Con carácter xeral, cada persoa solicitante dun grao de carreira profesional no ano 2023, será avaliada mediante 5 enquisas: por si mesmo, polo mando intermedio e por 3 compañeiros/as.

As enquisas a compañeiros/as asignaranse de forma aleatoria.

As enquisas estarán dispoñibles no FIDES dende o día 29 de novembro e estarán visibles ata o día 18 de decembro.

- As persoas con enquisas para realizar recibirán unha notificación por SMS e polo correo electrónico corporativo.
- Estará habilitado un botón de rexeite da enquisa para aquelas persoas que non poidan avaliar por non coñecer ou non coincidir coa persoa avaliada.

RECORDADE: asignarase 1 punto na Área IV de Compromiso coa organización para carreira profesional, por contestar TODAS as enquisas asignadas este ano.

IMPORTANTE

Solicitamos que as persoas que solicitaron o grao II de carreira de encadramento na convocatoria do 2023 revisen o estado da súa solicitude no FIDES.

- Hai 71 profesionais que teñen a solicitude en estado de borrador ou pendente de validar.

Se estades nese caso, poñédevos en contacto canto antes cos/as delegados/as de CIG-Saúde do voso centro.

